

PROGRAMA

APRENDER PARA EDUCAR | PROGRAMA PARA PAIS E NAIS DE CULLEREDO
Venres 18 e 25 de marzo e 1, 8 e 15 de abril de 2011 ás 19:00 h

Pazo Vila Melania, Avda. Vilaboa, 42 15670 Rutis –
Vilaboa, Culleredo
Haberá Servizo de gardería no propio Pazo Vila
Melania

VENRES 18 DE MARZO

“Ser pai e nai na internet”

Por Jorge Castro Ruso

Abordaranse as maneiras en que os pais e nais poden interactuar cos seus fillos e fillas en relación ás tecnoloxías. Os nosos fillos e fillas, cada vez que se conectan a internet teñen a posibilidade de acceder a moitos recursos boísimos (a maioría) pero tamén a ofertas moi perniciosas. E é fácil caer nelas aínda sen intención. Ante isto xurde a preocupación... por onde navegan o noso fillo ou filla cando están sos? Que facemos nós?

VENRES 25 DE MARZO
VENRES 1 DE ABRIL

“Resolución de conflitos entre pais/nais e fillos/as adolescentes”

*Bibiana Caamaño, membro da Asociación para a
Prevención e Intervención psicolóxica CHISEM*

As charlas formativas sobre a Resolución de Conflitos entre pais/nais e fillos/as están deseñadas para axudar a resolver os problemas cos que un pai/nai se pode ver enfrontado/a ante o crecemento dos seus/súas fillos/as. Intenta aportar ferramentas que encamiñen á xente nova á responsabilización e á autonomía. Por unha banda ensina a definir con claridade a conduta problemática e a resolvela e por outra intentará achegar instrumentos que dificultan a aparición de comportamentos do mozo/a que sexan conflictivos para os pais/nais.

VENRES 8 DE ABRIL
VENRES 15 DE ABRIL

“Técnicas educativas para nais e pais sinalando os límites”

*Bibiana Caamaño, membro da Asociación para a
Prevención e Intervención psicolóxica CHISEM.*

Estas charlas están deseñadas para intentar ensinar aos pais e ás nais métodos educativos máis eficaces para poñer límites a través dos seguintes obxectivos: Reflexionar e aprender como aprenden os/as fillos/as as regras dos pais e nais, aportar recursos e técnicas de actuación para establecer límites claros e firmes, aumentar a asertividade de pais/nais e fillos/as, mellorar a comunicación e a expresión de emocións entre pais e nais e fillos/as e incrementar a satisfacción na relación pai/nai – fillo/a.